

EN MODO CONVERSA

OS CENTROS DE FORMACIÓN: COMO ESTÁN A INFLUÍR NAS NOVAS XERACIÓNS DE PROFESIONAIS E ARTISTAS

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Xoves, 4 de xullo do 2019



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Empregando un formato de conversa e diálogo, EN MODO CONVERSA trata de establecer un espazo de reflexión sobre arte e creación plástica a partir da participación de diferentes profesionais e creadores/as, con formulacións e puntos de vista similares ou posturas contrarias.

Cada encontro consistirá nunha charla entre diferentes axentes da actividade artística: da creación plástica, da crítica, da xestión cultural, do coleccionismo, da dirección de museos e/ou fundacións, da filosofía, da docencia..., a partir dunha serie de temas propostos que permitan establecer unha visión panorámica sobre a situación das artes plásticas na Galicia do século XXI.

A partir dun guión inicial e unha conversa a tres, tratarase de profundar sobre o papel e a influencia dos centros de formación nas novas xeracións de profesionais e artistas. Cales son os intereses do novo estudiantado e como estes centros responden a eles. Existe unha relación entre os programas que se estudan e a realidade que atopan as novas xeracións no mundo profesional? Teñen ferramentas sólidas para acometer as súas novas carreiras profesionais?

Nesta primeira actividade participan tres profesionais de longa traxectoria e experiencia profesional, pertencentes a diferentes centros de formación en Galicia —Facultade de Xeografía e Historia, Facultade de Belas Artes e Escola Técnica Superior de Arquitectura—, que exporán os seus puntos de vista e posturas sobre o tema que se vai tratar neste encontro.

Imaxe da portada: Bosco Caride

PROGRAMA

17:30 horas
Presentación

17:45 horas
Relatorios

Fernando Agrasar, director da Escola
Técnica Superior de Arquitectura da
Coruña, Universidade da Coruña

Anne Heyvaert, profesora doutora do
Departamento de Debuxo, Facultade de
Belas Artes de Pontevedra, Universidade de
Vigo

Juan Manuel Monterroso, director do
Departamento de Historia da Arte,
Facultade de Xeografía e Historia,
Universidade de Santiago de Compostela

19:00 horas
Peche da xornada

ORGANIZA

Sección de Creación e Artes Visuais Contemporáneas (CCG)
Consello da Cultura Galega

COORDINA

Sofía Santos Pérez
Rosario Sarmiento

LUGAR

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.
Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>

